



# CPR Plurilingüe Compañía de María.

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
  - 1.1. Datos básicos do centro
  - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
  - 1.3. Breve xustificación do mesmo
  - 1.4. Proceso de elaboración
  
2. **Situación de partida**
  - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
  - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
  - 2.3. Análise DAFO
  
3. **Plan de Acción**
  - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
  - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
  
4. **Avaliación do PD**
  - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
  - 4.2. Propostas de mellora (revisión)
  
5. **Difusión do PD**

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- CPR Plurilingüe Compañía de María.
- Rúa Ensinanza 3, Santiago de Compostela.
- <https://ciamariasantiago.org>
- Etapas educativas BACH, ESO, Ed.Esp., Pri, Inf,
- N° de alumnado 1106, n° de profesorado: 67

### Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O *CPR Plurilingüe Compañía de María.*, é un centro concertado onde se imparten ensinanzas dende Educación Infantil até 2º de Bacharelato. O alumnado que acude o noso centro procede principalmente das zonas de influencia do colexio. As características socioeconómicas e culturais do contexto do noso centro podemos dicir que son medio. O poder adquisitivo da maioría das familias é medio, así como o seu bagaxe cultural. O centro está localizado en pleno Casco Histórico de Santiago de Compostela.
- Non podemos esquecer que estase a producir un cambio tanto na metodoloxía da ensinanza-aprendizaxe como na sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado. É por iso que os centros educativos deben dar resposta ás novas necesidades co fin de formar persoas coas competencias necesarias para desenvolverse neste novo contexto dixitalizado. O uso da tecnoloxía nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, desde as relacionadas coas cuestións organizativas, ata as propias dos procesos de ensino e aprendizaxe é xa ineludible. A Educación é básica para asegurar unha igualdade a todos os niveis. Así pois, é necesario unha transformación do sistema de educación que permita adquirir a competencia dixital. Por todo isto as organizacións educativas deben afrontar o cambio co obxectivo de promover a innovación sacando máximo partido ás Tic.
- Mediante o presente plan, preténdese:
  - Avaliar a situación dun centro educativo con relación ao uso da innovación e as TIC nos distintos elementos crave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
  - Recoñecer o Plan anual dixital como un recurso fundamental para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
  - Transformar o centro educativo nun centro competente dixitalmente
  - Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura de dixital nas mesmas

- Dende o centro sempre se apostou polo uso das tecnoloxías e programas innovadores como foron o proxecto abalar, no seu momento, ou o proxecto Abalar-Edixgal agora mesmo. Ademais o noso centro participou ou está a participar en varios proxectos como son:
  - STEAM BACH
  - Abalar Edixgal
  - Clube de ciencia.
  - Erasmus +.
  - Seccións bilingües
  - Vida saudable
  - O propio Plan dixital de cento que evidencia a nosa forma de traballar coa tecnoloxía dixital e que pretende recoller estratexias para organizar os recursos e procesos de ensinanza-aprendizaxe necesarias para levar a cabo a competencia dixital de todas as persoas que forman parte da comunidade educativa.
- O centro incorporará o Plan Dixital os documentos oficiais, contribuíndo a que a Programación Xeral Anual do curso 22/23 se recolla como un dos seus obxectivos o fomento do uso das novas tecnoloxías, dotando o alumnado da capacidade de utilizalas e de aprender a través delas. Este obxectivo favorece, a un tempo, a consecución dunha formación integral do alumnado, finalidade mesma da educación.

### Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro. A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

## Proceso de elaboración

No noso centro estableceuse un equipo para a realización do plan dixital formado por profesorado de 3 etapas educativas para así, afrontar mellor as necesidades de todo o centro. Tivemos 7 reunións ao longo do curso, dúas delas co mentor para realización de DAFO e do Plan de Acción.

## Situación de partida

### Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: No centro dispoñemos dunha infraestrutura interior de internet recentemente renovada así como varias liñas de internet para intentar suplir a carencia de fibra pola zona onde está localizado o centro.
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías: No centro todas as aulas dispoñen de ordenador e tableiro dixital ou pantalla LCD táctil, aula de informática, carro móbil con OPA para as necesidades de distintas materias e ordenadores dispoñibles para toda a comunidade educativa na biblioteca.
- Dende 1º ate 4º ESO o colexio está traballando co proxecto E-Dixgal.
- O centro tamén dispón de páxina web, Aula Virtual propia ca plataforma Google for Education e tamén unha plataforma para a comunicación cas familias e o alumnado onde poden ver o progreso, notas, novas e avisos.
- A xestión do mantemento do equipamento do centro corre a cargo dunha persoa contratada para iso e parte do profesorado do grupo TIC.

### Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.6	3.4	3.5		
	Profesorado	3.6	4.1	3.9		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.9	3.2	3.3		
	Profesorado	3.2	3.5	3.4		
	Alumnado	3.3	2.6	1.9		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4	4.1	4		
	Profesorado	3.8	3.9	3.7		
	Alumnado	3.9	3.6	2.8		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.4	4.1	3.8		
	Profesorado	3.4	3.8	3.6		
	Alumnado					

<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4.4	4	4		
	Profesorado	4.1	4.2	4.4		
	Alumnado		3.8	4.1		
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3.5	3.7	3.3		
	Profesorado	3.4	3.6	3.5		
	Alumnado	3.4	2.9	2.5		
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2.8	3.3	3		
	Profesorado	2.9	3	3.3		
	Alumnado		2.6	2		
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2.9	3	3.8		
	Profesorado	3.6	3.7	3.7		
	Alumnado	3.8	3	2.7		

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	<u>43</u>	<u>66</u>	<u>65.2</u>
<b>PROVISIONAL</b>			
<b>INTERINO</b>	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100</u>
<b>SUBSTITUTO</b>	<u>5</u>	<u>8</u>	<u>62.5</u>
<b>DESPRAZADO</b>			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>81.5</b>	<u>B1</u>	<b>76.5</b>	<u>B1</u>

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF</b>	<u>75.2</u>	<u>B1</u>	<b>68.2</b>	<u>B1</u>
<b>PRI</b>	<u>83.2</u>	<u>B1</u>	<b>77</b>	<u>B1</u>
<b>ESO</b>	<u>81.7</u>	<u>B1</u>	<b>79.3</b>	<u>B1</u>
<b>BAC</b>	<u>39</u>	<u>A2</u>	<b>75.8</b>	<u>B1</u>
<b>F.P</b>				

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		

A2	9	18.4
B1	30	61.2
B2	7	14.3
C1	3	6.1
C2		
TOTAL	49	100

## Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CAT EGO RÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. C2. Dispositivos dixitais para o ensino</li> <li>2. C5 Asistencia técnica</li> <li>3. C7 Protección de datos</li> <li>4. C8 Dispositivos dixitais para o aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. C1 Infraestrutura</li> <li>2. C3 Acceso a internet</li> </ul>
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>"1. A3 Novas modalidades de ensino</li> <li>2. B1 Avaliación do progreso</li> <li>3. B3 Colaboracións</li> <li>4. D1 Necesidades DPC</li> <li>5. D2 Participación no DPC</li> <li>6. D3 Intercambio de experiencias</li> <li>7. E1 Recursos educativos en liña</li> <li>8. E2 Creación de recursos dixitais</li> <li>9. E3 Emprego de EVA</li> <li>10. E4 Comunicación ca comunidade educativa.</li> <li>11. F1 Adaptación ás necesidades do alumnado</li> <li>12. F4 Inclusión do alumnado</li> <li>13. F5 Colaboración do alumnado</li> <li>14. G1 Avaliación das capacidades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. B2 Debate sobre o uso da tecnoloxía</li> <li>2. F3 Fomento da creatividade.</li> <li>3. F6 Proxectos interdisciplinares</li> <li>4. G3 Retroalimentación adecuada</li> <li>5. G5 Autoreflexión sobre a aprendizaxe</li> <li>6. G6 Comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo</li> </ul>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. H1 Comportamiento seguro</li> <li>2. H3 Comportamiento responsable</li> <li>3. H7 Creación de contidos dixitais</li> <li>4. H8 Aprender a comunicarse</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. C8 Dispositivos dixitais para o aprendizaxe</li> <li>2. H4 Verificar a calidade da información</li> <li>3. H6 Otorgar recoñecemento o traballo dos demais</li> </ul>
	FAMILIAS		
	OFERTA	1.A3 Novas modalidades de ensinanza	



	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. A1 Estratexia Dixital</li> <li>2. A2 Desenvolvemento da estratexia co profesorado</li> <li>3. A3 Novas modalidades de ensino</li> <li>4. B1 Avaliación do progreso</li> <li>5. C5 Asistencia técnica</li> </ul>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Ferramentas corporativas.</li> <li>2. A administración educativa aposta polo plan dixital.</li> <li>3. Existencia dunha boa oferta de actividades de formación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Falta de tempo do profesorado para investigar metodoloxías baseadas nas tecnoloxías.</li> <li>2. Escasa participación do profesorado en redes como Etwinning</li> <li>3. O profesorado ten tanta carga burocrática que lle impide adicar tempo a explorar novos métodos de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</li> </ul>
	<b>LEXISLACIÓN</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Constante modificación de curriculums complica a innovación e a implementación na aula de estratexias conxuntas de aprendizaxes e dificulta a súa consolidación.</li> </ul>
	<b>CONTORNA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. O centro goza de boa imaxe no exterior</li> <li>2. Alumnado con dispositivos dixitais na casa para o traballo escolar.</li> <li>3. Concienciación dos colectivos implicados da necesidade da evolución cara a dixitalización e a actualización do sistema educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. Baixa competencia dixital das familias.</li> <li>2. Conexión a internet lenta.</li> </ul>
	<b>ANPA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. ANPA receptiva a colaborar cas distintas iniciativas do colexio a realizar con tecnoloxía dixital.</li> </ul>	
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. B3 Colaboracións</li> <li>2. Facilitade de colaborar e compartir actividades con outros centros.</li> <li>3. O concello e outras institucións públicas ou privadas ofrecen actividades e colaboración ao centro para o desenrolo das mesmas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1. A maior parte do profesorado non utiliza ferramentas de colaboración con outras entidades.</li> </ul>

## Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

### Obxectivos, indicadores e accións

No grupo de traballo do plan dixital avaliamos os resultados do DAFO e elaboramos o plan de acción cos obxectivos que queremos alcanzar para superar as debilidades.

Ver más táboas adxuntas.

### Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

12 equipos para as aulas que teñen EDixgal co programa necesario para cotrolar os dispositivos do alumnado .

Cambiar os proxectores actuais das aulas Edixgal os cales están chegando ao fin da vida útil das bombillas por proxectores led.

“Área/s de mellora”:		B: Colaboración e redes				
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Debater sobre o uso da tecnoloxía co alumnado. (*B2)			<b>Acadado</b>		
<b>RESPONSABLE:</b>	Titores e profesorado.			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de materias que obteñen información sobre a reflexión do alumnado.					
<b>Valor de partida</b>	25% do alumnado debaten sobre o uso da tecnoloxía na aprendizaxe co profesorado.					
<b>Valor previsto e data</b>	100% do alumnado debaten sobre o uso da tecnoloxía na aprendizaxe co profesorado.			Final do curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Deseño e programación de titorías para debater co alumnado.</b>	Plan de acción titoría e profesorado	1º trimestre	Aula. Equipamento informático.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Aplicación na aula das actividades programadas.</b>	Titores e profesorado	2º trimestre	Aula. Equipamento informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

“Área/s de mellora”:		G: Prácticas de avaliación			
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Fomentar a participación do alumnado na reflexión sobre o seu proceso de aprendizaxe (*G5)				<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Titores / Docentes				<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de materias que obteñen información sobre a reflexión do alumnado con tecnoloxía dixital				
<b>Valor de partida</b>	Non aplica (sen datos previos).				
<b>Valor previsto e data</b>	O 100% das áreas obteñan as reflexións do alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe con tecnoloxía dixital. Especialmente na etapa do Bacharelato.			Final do curso 22/23	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1: Formación do alumnado e concienciación sobre a importancia do feedback	Profesorado	1º trimestre	Equipamento informático.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
AO2.2: Elaboración de instrumento para a reflexión por parte do alumnado	Profesorado	1º trimestre	Equipamento informático		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
AO2.3: Formación do profesorado no uso dos instrumentos de feedback e emprego de rúbricas de avaliación.	Coordinador TIC e Edixgal. Profesorado	1º trimestre	Equipamento informático. Aula virtual.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
AO2.4: Creación de instrumentos de avaliación, coavaliación e autoavaliación e aplicación na práctica docente co alumnado.	Profesorado	Todo o curso.	Equipamento informático. Aula virtual. Espazo compartido.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

“Área/s de mellora”:		H: Competencias dixitais do alumnado				
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Fomentar no alumnado o coñecemento e aplicación de actitudes respecto aos dereitos de autor (*H7)			<b>Acadado</b>		
<b>RESPONSABLE:</b>	Departamento linguas			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Inclusión de referencias a frases, parágrafos, fotos ou calquer elemento que se utilice nos traballos creados					
<b>Valor de partida</b>	0%. Traballos sen referencia a autoría, bibliografía ou webgrafía					
<b>Valor previsto e data</b>	100% dos traballos presentados con autoría			Final curso 22/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO3.1:Reflexión sobre a importancia dos dereitos de autoría</b>	Equipo Directivo	1º trimestre	Lugar de reunión e equipo formador, ordenador e proxector		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2:Creación dunha guía de procedemento sobre as autorías</b>	Comisión de profesorado	1º trimestre	Lugar de reunión		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.3:Aplicación nos traballos do alumnado</b>	Profesorado	2º e 3º trimestre	Aulas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## Avaliación do plan

Para facer un seguimento correcto e una avaliación satisfactoria reuniremos, o equipo do plan dixital xunto con docentes que colaboren en cada un dos obxectivos para analizar o transcurso dos mesmos polo menos una vez cada trimestre podendo se máis si se detecta algunha irregularidade e una vez ao final de curso para comprobar que alcanzouse o porcentaxe do obxectivo. En caso de non alcanzar o obxectivo, analizarase e propondrase para o seguinte ano cas melloras necesarias para poder así alcanzalos.

## Difusión do plan

O plan dixital de centro estará ao alcance de toda a comunidade educativa por medio dos seguintes formatos:

Para as familias e alumnado estará colgado na plataforma educativa propia do centro.

Para o persoal non docente, estará colgada na plataforma educativa do centro.

Para o profesorado, ademais da reunión quedaremos ao inicio de curso para falar da estratexia que levaremos a cabo, estes poderán consultar o plan dixital na plataforma educativa propia que ten o centro.